

## **IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**



As Axencias públicas autonómicas aparecen recollidas na disposición adicional quinta do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que as define como entidades instrumentais de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas. Son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

A creación das axencias públicas autonómicas require autorización por lei e prodúcese coa aprobación do seu estatuto por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Facenda, logo da iniciativa da consellería competente por razón da materia.

A estrutura do orzamento das axencias públicas e a documentación que acompañará a este serán as establecidas para os organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos e demais entes con orzamento de gastos limitativo. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas terán carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal, que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

#### **AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI**

A Agadic foi creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, co obxecto de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. Figura adscrita á Consellería de Cultura e Turismo.

A axencia substitúe o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, co obxecto de mellorar o modelo organizativo do IGAEM e así adaptalo ás necesidades e aos retos da política cultural de Galicia. O campo de actuación da axencia engloba a totalidade das actividades culturais e artísticas prestados por creadores e creadoras individuais,

#### IV. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas

empresas e industrias culturais, fronte ao sector específico do IGAEM, limitado ás artes escénicas e musicais, e que constituía un límite para o desenvolvemento dunha programación uniforme para o fomento das actividades artísticas e culturais.

<b>Financiamento da Axencia Pública Autonómica</b>								
(Miles de Euros)								
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
AGADIC	500	3,51	13.762	96,49	0	0,00	<b>14.262</b>	<b>100,00</b>
<b>Total</b>	<b>500</b>	<b>3,51</b>	<b>13.762</b>	<b>96,49</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>	<b>14.262</b>	<b>100,00</b>

<b>Axencia Galega das Industrias Culturais</b>							
<b>Ingresos</b>							
(Miles de Euros)							
Capítulos		2009	2010	Variación		Valor Relativo	
				Importe	%	2009	2010
IV	Transferencias correntes	4.349	3.800	-549	-12,6	29,9	26,6
V	Ingresos patrimoniais	500	500	0	0,0	3,4	3,5
VII	Transferencias de capital	9.705	9.962	256	2,6	66,7	69,8
<b>TOTAL</b>		<b>14.555</b>	<b>14.262</b>	<b>-293</b>	<b>-2,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

<b>Axencia Galega das Industrias Culturais</b>							
<b>Gastos</b>							
(Miles de Euros)							
Capítulos		2009	2010	% Var. 2010/2009		Valor Relativo	
				Importe	%	2009	2010
I	Gastos de persoal	2.339	2.414	76	3,2	16,1	16,9
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.492	1.268	-224	-15,0	10,3	8,9
IV	Transferencias correntes	1.018	617	-401	-39,4	7,0	4,3
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>4.849</b>	<b>4.300</b>	<b>-549</b>	<b>-11,3</b>	<b>33,3</b>	<b>30,2</b>
VI	Investimentos reais	3.085	2.666	-420	-13,6	21,2	18,7
VII	Transferencias de capital	6.620	7.296	676	10,2	45,5	51,2
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		<b>9.705</b>	<b>9.962</b>	<b>256</b>	<b>2,6</b>	<b>66,7</b>	<b>69,8</b>
<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</b>		<b>14.555</b>	<b>14.262</b>	<b>-293</b>	<b>-2,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>
<b>Total</b>		<b>14.555</b>	<b>14.262</b>	<b>-293</b>	<b>-2,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>